

## **Lei orgánica do Poder Xudicial:**

### **Artigo catorce**

1. Os xuíces e maxistrados que se consideren inquietados ou perturbados na súa independencia poñerano en coñecemento do Consello Xeral do Poder Xudicial, dando conta dos feitos ao xuíz ou tribunal competente para seguir o procedemento axeitado, sen prexuízo de practicar por si mesmos as dilixencias estritamente indispensables para asegurar a acción da xustiza e restaurar a orde xurídica.

2. O Ministerio Fiscal, por si ou por pedimento daqueles, promoverá as accións pertinentes en defensa da independencia xudicial.